MEMORIAL "MANUEL LEIRACHÁ"
de
TENIS DE MESA

DATA DE CELEBRACIÓN: 2 de xuño de 2018

LUGAR: Pavillón Campo da Serra. Avda. Santa Cecilia, s/n (Narón)

HORARIO: De 9:30 a 21:00.

Probas a disputar

Benxamín masculino e feminino. Nados no 2007 e posteriores.
Alevín masculino e feminino. Nados entre o 01-01-2005 e 31-12-2006.
Infantil masculino e feminino. Nados entre o 01-01-2003 e 31-12-2004.
Xuvenil masculino e feminino. Nados entre o 01-01-2000 e 31-12-2002.
Sub-23 masculino e feminino. Nados entre o 01-01-1995 e 31-12-1999.
Senior masculino e feminino. Nados entre o 01-01-1979 e 31-12-1994.
Veteranos +40. Nados entre 01-01-1968 e 31-12-1978.
Veteranos +50. Nados entre 01-01-1957 e 31-12-1967.
Veteranas. Nadas no 1978 e anteriores.

Sistema de xogo

De ser posible, cada proba disputarase en dúas fases:

- A 1ª fase será clasificatoria por grupos, sempre que as inscricións o permitan.
- A 2ª fase será por eliminatoria directa.

NARÓN

Arbitraxes

O Xuíz Árbitro será designado pola FGTM.

Na primeiroa fase, os grupos serán arbitrados polos propios xogadores.

Na segunda fase terán que arbitrar os xogadores que queden eliminados na rolda anterior, excepto nas semifinais e finais que serán arbitradas por árbitros designados pola organización.

Inscricións

A inscrición será libre e de balde.

Os xogadores ou clubs formalizarán a súa inscripción enviando un e-mail a:

clubferroltm@gmail.com

Deberán facilitar os seguintes datos de cada xogador inscrito:

- ✗ Nome e apelidos.
- ✗ Data de nacemento.
- ✗ Nº de licenza e Club o que pertencen.
- ✗ Categoría na que se inscriben.

Non se permitirá a inscrición en máis dunha categoría.

TODO OS XOGADORES INSCRITOS, DEBERÁN ESTAR EN POSESIÓN DA CORRESPONDENTE LICENZA FEDERATIVA.

A data de límite de recepción das inscricións finaliza ás **20:00 do domingo 20 de maio de 2018.**

Trofeos

Entregaranse trofeos os catro primeiros clasificados de cada proba.

Entregarase unha camiseta conmemorativa do torneo a cada participante.

Notas

Para que se celebre unha proba terá que haber un mínimo de 8 xogadoras/es inscritos.

Ningún xogador/a poderá participar no mesmo día en máis dunha categoría.

O Xuíz Árbitro de acordo co Comité de Organización deste torneo poderá facer os cambios que considere oportunos tendo en conta as altas ou baixas que se poidan producir.

O Xuíz Árbitro de acordo co Comité de Organización e en vista dos xogadores inscritos e o tempo dispoñible para o desenvolvemento das distintas probas, poderán decidir que o torneo continúe disputándose entre as 14,00 e as 16,00 horas, procurando dar o máximo tempo posible para que todos os participantes poidan comer por quendas.

A participación neste torneo implica a aceptación desta normativa.